



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Sendo as 12 da mañá do día 30 de xuño do 2022 reunidos na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, Don Vicente Soto Rodríguez como Presidente, Don Francisco Gaspar Fernández Castro como Secretario, Don Amancio Rodríguez Sánchez, Don Julio Puentes Agregan e Don José Nicanor Muñoz Palacios como vocais, proceden a valoración do de méritos do concurso, como consecuencia da contratación de persoal para cubrir dúas prazas de Peón para o Grupo Municipal de Emerxencias Supramunicipais(GES), realizándose a selección do tribunal mediante Decreto da Alcaldía de data 25 de maio de 2022, dacordo coas bases de selección aprobadas ao efecto.

Consta alegacions realizadas con data 24.06.2022, polo aspirante con D.N.I. núm. 44.495.250W relativas a proba práctica celebrada o pasado 21.06.2022.

O Tribunal acorda desestimala en base a seguinte argumentación:

“1º.- Respecto da proba de condución o aspirante alega que se desenvolveu de xeito áxil e rápido, e que realizouna sen manobras innecesarias de marcha atrás. A rapidez levou ao aspirante a tocar un primeiro cono do sláalom e a pasar a dobre roda do eixe traseiro sobre o seguinte. Tampouco é certo que a realizase sen manobra de marcha atrás, que tivo que utilizar para realiza-lo xiro na rotonda de cambio de sentido. Necesaria ou innecesaria está en función de tomala con unha velocidade adecuada e abríndose o suficiente, como fixeron algúns aspirantes.

O xustificar a situación do vehículo en paralelo, evitando unha perigosa marcha atrás non deixa de ser un recoñecemento de que a anterior manobra (marcha atrás na rotonda) resultou unha manobra perigosa, mais cando o aspirante non utilizou o sistema de iluminación de emerxencia.

Tamén xustifica o aspirante a situación do vehículo en paralelo tal que o traxecto se desenvolva todo por unha rúa, querendo dar a entender o tipo de vía separada do edificio con unha beirarrúa, caso no que daríase razón ao aspirante, pero o espazo no que se desenrola a proba é moito mais amplo, o que permite outro tipos de colocación do vehículo, senda a mais axeitada marcha atrás perpendicular a entrada.

2.- Respecto a o segundo bloque de alegacións (EPIs, cámara térmica e VPP) dicir que por motivo hixiénico-sanitarios se simulaba que os aspirantes portaban traxe de intervención, botas e luvas. O escenario que se tiña que resolver era o de un incendio urbano en un espazo confinado (vestiario do Polideportivo de Ribadavia) que se comunica co exterior a través dunha ventá, con posibilidade de vítima no interior.

De novo o aspirante opta, como manifesta, por primar a velocidade na execución. Así o aspirante colócase o Equipo Respiratorio Autónomo sen abrochar e axustar en cintura, o que é unha manobra incorrecta.

Respecto do manifestado na súa alegación de “decidir non facer uso” do Ventilador de Presión Positiva (VPP) e da cámara de visión térmica porque “*sería unha perda de tempo*” este tribunal non pode admitir tal alegación polo seguinte.

A cámara de visión térmica é o único medio de visión que penetra a opacidade do fumo, o que permite localizar o foco do incendio e vítimas no seu interior. A máis conta con termómetro, co que poderíase coñecer as temperaturas en cada punto.

O VPP pódese utilizar cando o incendio en espazo confinado maniféstase ao exterior por algunha abertura na zona alta da dependencia, o que axuda a evacuar os produtos da combustión, rebaixando as temperaturas na zona baixa e mellorando a visibilidade.

3º.- En canto a terceira alegación xustifica todo ao emprego de pulsacións curtas en cono, sen explicar o grado do cono de ataque e que duracións das pulsacións, sen explicar os perigos desta técnica, pero en todo caso esta parte no interior ten o seu recoñecemento, non así as medidas previas ao acceso (apertura de porta).

Neste suposto práctico, “incendio en espazo confinado comunicado co exterior a través dunha ventá” non todo se pode xustificar na rapidez. Neste tipo de escenario sería procedente como primeira acción o ataque exterior ofensivo a través da ventá, empregando chorro sólido sobre un punto fixo do teito. Esta técnica, tamén chamada de “ablandado”, ten como principais vantaxes (Manual Básico para bomberos de nuevo ingreso, del INSTITUT VALENCIÀ DE SEGURETAT PÚBLICA I EMERGÈNCIES, paxina 122):

Pódese aplicar dende o primeiro momento.

Mellora as condicións do interior, facilitando o acceso aos intervintes.

Mellora a probabilidade de supervivencia das vítimas.

Descoñecendo esta táctica tería que extremarse as condicións de seguridade para o acceso, insuficientes para o aspirante que se incorpora co ERA sen axustar (solto na cintura); non portando a cámara de visión térmica, para valorar as condicións ao outro lado da porta e a localización de vítimas; e non presurizando co VPP o recinto, para evitar propagación de gases e fumes ao interior da edificación (propagación a outros sectores), axudando a evacuar estes pola ventá (mantendo o plano neutro alto con maiores condicións de supervivencia).”

Consta alegacions realizadas con data 29.06.2022, polo aspirante con D.N.I. núm. 46675351W relativas a proba práctica celebrada o pasado 21.06.2022.

O Tribunal acorda desestimala en base a seguinte argumentación:

“O Tribunal propón un exercicio no que se simula o desprazamento e actuación ante un incendio en un espazo confinado (vestiario do polideportivo de Ribadavia) que se comunica co exterior a través dunha ventá, con posible vítima no interior. O traxecto se realiza en explanada de terra con un sláom entre conos, con cambio de sentido en glorieta. Se valora a utilización de sinais de emerxencia, soltura e limpeza do percorrido e colocación do vehículo para facilita-la intervención.

O resto do exercicio valórase en outros tres bloques. O primeiro o montaxe correcto do Equipo de Respiración Autónoma, o equiparse para o acceso coa cámara de visión térmica e o facer uso do Ventilador de Presión Positiva, accións todas previas as manobras de acceso, extinción e búsqueda-rescate.

No segundo bloque valórase o montaxe de liñas de auga: liña de ataque interior, liña de socorro e liña de ataque por fachada.

No terceiro bloque valórase o coñecemento das tácticas de actuación así como a seguridade para o ingreso a un recinto con incendio confinado.

Os topos de valoración de cada bloque enténdense axeitados pola maior ou menor complexidade práctica ou de coñecementos.

Para a realización do exercicio non se estableceu tempo máximo.

Quere o aspirante de xeito especial os fallos na condución por “traballar de condutor”. Entenderá que unha condución agresiva en 1ª velocidade é moi prexudicial para o vehículo. A rotonda de cambio de sentido tivo que realizala en dúas manobras (con marcha atrás incluída). Para o percorrido non accionou a iluminación de emerxencia (rotativos). O vehículo situación do vehículo foi correcta.

Fora do campo da condución o aspirante demostra unha falta de coñecementos na actuación ante incendios urbanos importante. Si ben a manobra de equiparse co Equipo Respiratorio, todas as demais manobras non garantirían nin a seguridade dos intervinentes.

O aspirante fai un montaxe de unha única liña de 25 mm en alta presión, sen liña de seguridade adicional. Non monta liña para ataque exterior (ablandado). O montaxe só é válido para incendios en espazos abertos e pouca carga térmica así como forestales. Neste tipo de escenario sería procedente como primeira acción o ataque exterior ofensivo a través da ventá, empregando chorro sólido sobre un punto fixo do teito. Esta técnica, tamén chamada de “ablandado”, ten como principais vantaxes (Manual Básico para bomberos de nuevo ingreso, del INSTITUT VALENCIÀ DE SEGURETAT PÚBLICA I EMERGÈNCIES, paxina 122):

Pódese aplicar dende o primeiro momento.

Mellora as condicións do interior, facilitando o acceso aos intervinentes.

Mellora a probabilidade de supervivencia das vítimas.

O non utilizar a cámara de visión térmica e o Ventilador de Presión Positiva ten os seguintes inconvenientes:

1. A cámara de visión térmica é o único medio de visión que penetra a opacidade do fumo, o que permite localizar o foco do incendio e vítimas no seu interior. A máis conta con termómetro, co que poderíase coñecer as temperaturas en cada punto.

2. O VPP pódese utilizar cando o incendio en espazo confinado maniféstase ao exterior por algunha abertura na zona alta da dependencia, o que axuda a evacuar os produtos da combustión, rebaixando as temperaturas na zona baixa e mellorando a visibilidade.

O aspirante accedeu ao interior como única medida de seguridade tocando a porta na parte baixa, que é a parte onde existe a temperatura máis baixa, sen arrefriar as zonas altas, nin protexerse no momento da apertura da porta, nin técnicas de control do plano neutro. Todas estas medidas non realizadas porían en serio perigo a súa vida.”

De seguido o Tribunal procede a baremación dos méritos dos aspirantes presentados, trala realización das probas prácticas e teóricas, conforme a documentación obrante no expediente, obténdose a seguinte puntuación polos aspirantes:

DNI	FASE OPOSICIÓN	FASE CONCURSO	TOTAL
35629686H	15,65	2,20	17,85
44463989K	15,25	-	15,25
44499677J	13,20	4,60	17,80
44483771T	15,85	4,50	20,35

De seguido o tribunal, de acordo coa normativa da convocatoria e despois de analizala idoneidade das persoas para ocupar as prazas obxecto de convocatoria, acordando realizar proposta de nomeamento dos aspirantes que de seguido se transcribe co seu número de D.N.I. e que non superan o número de prazas convocadas e notificar dita proposta de nomeamento os interesados para que no prazo de dous días hábiles seguintes a notificación presenten a documentación acreditativa os efectos de formalización do correspondente contrato:

44483771T
35629686H

Asi mesmo o Tribunal, de acordo co establecido na base 8ª, acorda propoñer a formación dunha bolsa de traballo pola orde de puntuacións obtidas polos aspirantes, para cubrir supostos de vacante, enfermidade, vacacións... do titular da praza obxecto de convocatoria.

O Tribunal acorda que se publique a relación de puntuacións no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello.

Non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematada a mesma sendo as dúas do mediodía, asinando os asistentes en proba de conformidade do que eu, Secretario, dou fe.



The image shows several handwritten signatures in blue ink. One signature is large and stylized, resembling a 'P' or 'B'. Another is smaller and more compact. A circular stamp is visible, containing the text 'AYUNTAMIENTO CONCELO * (Santiago de Compostela)' around a central emblem. There are also some other scribbles and lines in blue ink.